

Concello de San Sadurniño

Expediente n.º: 26/2022

Acta de Constitución do Tribunal Calificador e desenvolvemento dos exercicios

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Data de iniciación: 18/01/2022

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR E RESOLUCION DE ALEGACIONES Á PROBA OBRIGATORIA DA ENTREVISTA

Reunidos na Casa Consistorial, o 13 de xaneiro de 2023, ás 09:00 horas, os integrantes do Tribunal calificador, que se constitúe para realizar e valorar a proba obrigatoria de entrevista de avaliación dentro do proceso selectivo dos aspirantes a prover a praza de Traballador ou Traballadora Social, vacante no persoal municipal deste Concello, son:

Cargo	Identidade
Presidente	Mario Antonio Lado Campelo (que actúa por aplicación do artigo 19.2 da Lei 40/2015, ao non ser posible a personación do presidente nin do seu substituto)
Secretario	Olalla Alvarez de Neyra Martínez
Vogal	Ignacio Crespo López
Vogal	Yolanda Martínez García

Constitúese o Tribunal avaliador para o exame e resolución das alegacións presentadas en tempo e forma, que son as seguintes:

- Rexistro de entrada número 2022-E-RE-762 de 15 de decembro de 2022 por Don David Saavedra Pico
- Rexistro de entrada número 2022-E-RE-764 de 16 de decembro de 2022 por Dona Lorena Bouza Piñón

Polo que respecta ás alegacións presentadas por D. David Saavedra, o Tribunal considera o seguinte:

a) alégase litispendencia do procedemento. O Tribunal remítese ao sinalado no informe da Secretaría-Intervención de data 28 de outubro de 2022, con ocasión do recurso de reposición á convocatoria da propia praza, presentada polo mesmo alegante, que literalmente indica: “A este respecto cómpre sinalar que, como tamén é coñecido polo recurrente, non existe pronunciamento xudicial ao respecto da suspensión do procedemento, tendo sido solicitada e desestimada. En tal sentido, cómpre traer a colación neste punto o sinalado polo artigo 71 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común, que establece o principio xeral de impulso de oficio e o principio de celeridade na tramitación dos expedientes administrativos, sendo así que, non existindo ningún pronunciamento sobre a suspensión do presente, é unha obriga do Concello de San Sadurniño, en tanto que tramitador do expediente de selección dunha praza de traballador ou traballadora social, a continuidade de dita tramitación.”

Concello de San Sadurniño

O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027. Fax: 981490474

Concello de San Sadurniño

b) alégase que a entrevista non pode ter carácter determinante e realízase unha comparativa cun proceso selectivo doutro Concello. Este tribunal non pode aceptar a alegación presentada porque o alegante incorre nun erro interpretativo da propia sentenza que alega. O carácter determinante da citada proba debe considerarse dentro da puntuación total da fase de oposición, é dicir, non debe supor unha porcentaxe de puntuación tal que por sí sola implique a maior valoración de dita fase, sendo que as demais probas resulten, de feito, irrelevantes. E esta circunstancia non se da neste caso, en que a proba da entrevista supón un total de 12 puntos sobre 80 totais, sendo, en consecuencia, que a puntuación obtida na mesma non é, de ningún xeito, determinante do total da fase de oposición. O feito alegado de que unha aspirante obteña unha puntuación superior total tras a celebración da última proba é unha consecuencia lóxica de calquera proceso de selección, xa que a puntuación é cumulativa co resto das probas e podería ser superada de terse obtido máis puntuación nas probas previas.

c) respecto dos tempos de exame, sinalar que o alegante confunde a hora indicada de inicio de cada aspirante coa finalización do anterior. Na acta de data 12 de decembro de 2022 queda constancia do inicio de cada aspirante, sendo que, pola propia natureza da proba, algún aspirantes permaneceron máis ou menos tempo en función das súas respostas ou incluso do seu propio desenvolvemento oral. Non se acepta, en consecuencia, a alegación presentada.

d) realízanse unha serie de preguntas como última alegación ás que se poden dar resposta co literal dos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, de expresa aplicación segundo o indicado no 6º parágrafo da Base 7 do proceso de selección. Como o propio alegante indica, sempre se mantivo un mínimo de tres membros, que actuaron con tal mínimo na última entrevista. Sorprende, en todo caso, que o propio alegante sinala que foron tres os membros nalgún momento da súa entrevista, xa que persoalmente puido comprobar que foron catro os presentes, xa que un vocal se ausentou previa á entrada da última aspirante. Esta circunstancia redunda no sinalado no apartado anterior, en que o propio alegante puido comprobar persoalmente a finalización da súa entrevista en hora distinta á iniciación da seguinte. Sinalar, en todo caso, que a conclusión á que chega o alegante considerando que a puntuación de tres membros acadaría un 36 e de 4 membros acadaría un 48 é totalmente errónea, xa que a puntuación máxima da proba é de 12 puntos con independencia do número de membros que asistiran á celebración da proba, puidendo acadarse unha puntuación total por consenso, por media aritmética, por asunción de puntuacións medias desprezando a máis alta e a máis baixa... Asimesmo, cabe destacar que, como foron conscientes e informados todos os aspirantes, as entrevistas foron gravadas para poder proceder á súa reprodución posterior. Este Tribunal rexeita a alegación presentada e manifesta a súa disconformidade coa afirmación realizada polo alegante, que se estima fora de lugar e certamente atentante á súa profesionalidade, sobre a consideración de que os últimos entrevistados acadaran notas máis baixas, circunstancia que se debe exclusivamente á avaliación obxectiva do seu exercicio.

e) solicitada a grabación das diferentes entrevistas realizadas, este Tribunal accede á súa remisión na consideración do interesado do alegante, se ben delega na secretaria do Tribunal, que tamén o é do Concello de San Sadurniño, a súa remisión previos os traballos técnicos de anonimización das mesmas.

f) respecto da aclaración de que nun determinado momento houbera tres membros e a aclaración do sistema de avaliación, este Tribunal se remite ao sinalado no punto d), á propia acta de 12 de decembro de 2022 e ao sinalado na Base 9.1.d) do proceso de selección.

Polo que respecta ás alegacións presentadas por dona Lorena Bouza Piñón, sinalar que o Tribunal estima suficientemente xustificada a súa avaliación na acta de 12 de decembro de 2022, estimando que non pode prevalecer a interpretación subxectiva da propia aspirante, que precisamente indica no seu escrito que cada aspirante trata de dar a mellor versión de sí mesmo, sobre a estimación do Tribunal, e considerando que é precisamente o Tribunal o que realizou a totalidade das entrevistas e procede á súa

Concello de San Sadurniño

O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027. Fax: 981490474

Concello de San Sadurni

puntuación en concorrencia competitiva cos restantes aspirantes. Asimesmo, sinálaselle que a propia acta contén a avaliación dos subítems de forma individualizada para obter unha puntuación total da proba.

Finalizado o exame das alegacións presentadas, o Tribunal rexeita a totalidade das alegacións presentadas e mantén a valoración sinalada na súa acta de data 12 de decembro de 2022, acordando, como se sinalou, facilitar a D. David Saavedra as gravacións, previamente anonimizadas.

Asimesmo, acordan fixar a data de 24 de xaneiro de 2023 ás 10:00 horas para a celebración da fase de concurso.

Sendo as 10:30 horas do día 13 de xaneiro de 2023, o Presidente da por finalizada a sesión

O Presidente,

Mario Antonio Lado Campelo

A Secretaria,

Olalla Alvarez de Neyra Martinez

Concello de San Sadurni

O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027. Fax: 981490474

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIO ANTONIO LADO CAMPELO, NIF ***4945**, 16/01/2023 17:23:44.

CSV: 5EA3-FDF5-4579-A01C